Universidade de Vigo

*Campus de Vigo*

Facultade de Filoloxía e Tradución

Praza das Cantigas, s/n
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 251
Fax 986 812 380

webs.uvigo.es/fft
sdfft@uvigo.es

# Facultade de Filoloxía e Tradución
# Universidade de Vigo

## Acta de Xunta ordinaria de Facultade
## 6 de abril de 2017

Universidade Vigo

Campus de Vigo

Facultade de Filoloxía e Tradución

Praza das Cantigas, s/n
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 251
Fax 986 812 380

webs.uvigo.es/fft
sdfft@uvigo.es

FACULTADE DE FILOLOXÍA E TRADUCIÓN
VIGO
31 MAR. 2017
SAÍDA Nº. 48

**ASUNTO: Convocatoria de Xunta de Facultade**

Por orde do Decano convócoa/o a unha sesión ordinaria da Xunta de Facultade de Filoloxía e Tradución, que se vai celebrar o vindeiro día **6 de abril, xoves**, ás 11:30h en primeira convocatoria e ás 12:00h en segunda, no Salón de Actos da FFT, coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior (sesión ordinaria do 1/3/2017)
   a. Versión electrónica (arquivos pdf enviados por email)
   b. Versión en papel (dispoñible no decanato ata o 5/4/2017 ás 14:00 horas)
2. Informe do decano
3. Aprobación, se proceder, dos informes individualizados da actividade docente realizada polo profesorado funcionario interino e contratado doutor interino solicitante de avaliación docente na convocatoria de 2016 (RR 10/11/2016 e 10/03/2017)
4. Aprobación, se proceder, dos cambios na composición da CAM do Mestrado *Tradución para a Comunicación Internacional*
5. Rolda aberta de intervencións

Vigo, 31 de marzo de 2017

A Secretaria

Mª del Carmen Cabeza Pereiro

Nota: No día da xunta de centro, suspéndese a actividade docente de 12 a 13h

A/A MEMBROS DA XUNTA DE CENTRO DA FFT

Universidade Vigo

Campus de Vigo

Facultade de
Filoloxía e
Tradución

Praza das Cantigas, s/n
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 251
Fax 986 812 380

webs.uvigo.es/fft
sdfft@uvigo.es

**Asistentes:**

***Equipo decanal***
Alonso Bacigalupe, Luis
Cabeza Pereiro, Mª del Carmen
Anaya Revuelta, Inmaculada
Del Pozo Triviño, Maribel
Figueroa Dorrego, Jorge Juan
Rodríguez Barcia, Susana

***Sector (A) Profesorado***
Álvarez Lugris, Alberto
Angueira Viturro, Anxo
Arias Freixedo, Xosé Bieito
Baltrusch, Burghard
Becerra Suárez, Mª Carmen
Bueno Alonso, Jorge Luís
Caneda Cabrera, Mª Teresa
Chas Aguión, Antonio
Costas González, Xosé Henrique
Domínguez Castro, Luís
Fariña Busto, Mª Jesús
Fernández Salgado, Xosé A.
Galanes Santos, Iolanda
García González, Marta
Garrido Rodrigues, Carlos
Ledo Lemos, Francisco José
Luna Alonso, Ana
Luna Sellés, Carmen
Mascuñán Tolón, Patricia Silvia
Montero Küpper, Silvia
Palacio Sánchez, Xosé Antonio
Pereira Rodríguez, Ana Mª
Quilis Sanz, Mª José
Rama Martínez, Mª Esperanza
Rifón Sánchez, Antonio
Ripoll Delebourse, Virginia
Rodríguez Guerra, Alexandre
Ruzicka Kenfel, Veljka
Salceda Rodríguez, Hermes
Solla González, Amparo
Soto Andión, Xosé
Suárez Briones, Beatriz
Valado Fernández, Liliana
Veiga Díaz, Mª Teresa
Yuste Frías, José

***Sector (B) Profesorado***
Ferreiro Vázquez, Óscar

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Facultade de Filoloxía e Tradución, que se celebrou o día 6 de abril, xoves, ás 11:30h en primeira convocatoria e 12:00 en segunda, de 2017 no Salón de Actos da Facultade**

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 12:12h

## ORDE DO DÍA

1. **Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior (sesión ordinaria do do 1/3/2017)**
   Recibíronse dúas solicitudes de modificación: unha por parte de Nuria Yáñez, relacionada co punto do informe do decano, na que aclara que tamén ela se encargará, xunto con Elena Seoane, da coordinación do programa Peer Mentoring. A segunda é de Burghard Baltrusch, que pregunta pola adscrición da materia "Seminario de literaturas e culturas lusófonas", do Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, ao departamento H05. Unha vez feitas as comprobacións oportunas, verificase que é un erro, e que é preciso modificar a acta para que se reflicta a adscrición da materia ao departamento H03.
   O profesor Jorge Luis Bueno intervén para solicitar que se faga referencia ao seu escrito no punto 5 da acta.
   Marta García pide se lle inclúa no listado de envío da acta porque non a recibiu.

Apróbanse por asentimento coas mencionadas modificacións.

2. **Informe do decano**
   O decano informa sobre os seguintes asuntos:
   a. Houbo un erro na transcrición do número de horas na materia *As tecnoloxías na ensinanza-aprendizaxe de linguas*, que foi adscrita por erro de maneira conxunta aos departamento H10 (24 horas) e ao departamento H12 (24 horas), cando o que se aprobara foi que para o curso 2017-2018 fose impartida enteiramente polo H10. Foi subsanado.

*Sector (C) Alumnado*

Arca Castro, Manuel
Barbosa Losada, Víctor
Carrillo Rodríguez, Lara
Diz Ferreira, Jorge
Fernández Casanova, Alicia
García Fonte, Nuria
García Fuentes, Iván
López Pais, Cristina
Vilaboa Cebreiro, Manuel

*Sector (D) PAS*

Fernández Piñeiro, Mª Olga
Iglesias van der Woude, Miguel
López Cotón, Rosa
Pérez Pereira, Alberto
Santos García, Mercedes

*Desculpas e ausencias xustificadas*

Agustín Guijarro, Javier de
Báez Montero, Inmaculada C.
Baxter, Robert Neal
Bringas López, Ana
Cortés Gabaudán, Helena
Corvo Sánchez, Mª. José
Cruces Colado, Susana
Dasilva Fernández, Xosé Manuel
Díaz Fouces, Óscar
Fernández Álvarez, M. Santiago
Fernández Mato, Sofía
Fernández Ocampo, Anxo
Fernández Pena, Yolanda
Freijeiro Ocampo, Eva
García Castro, Laura
García-Miguel Gallego, José Mª.
Gómez Martínez, Alejandro
Lago Lorenzo, Melisa
Lorenzo Suárez, Anxo Manuel
Martínez Ínsua, Ana Elina
Miquel Vergés, Joan
Montero Domínguez, Xoán
Montero Reguera, José Francisco
Parada Diéguez, Arturo
Pereira Romasanta, Raquel
Pérez Guerra, Javier
Ramallo Fernández, Fernando
Ribao Pereira, Montserrat
Rodríguez Gallardo, Ángel
Rodríguez Rodríguez, Beatriz
Rodríguez Vázquez, Rosalía
Sánchez Trigo, Mª Elena
Seoane Posse, Elena C.
Sueiro Justel, Joaquín
Urdiales Shaw, Martín

b. Aprobouse a PDA do centro pero non as propostas de mestrados que saíron da Xunta de Facultade de 15 de febreiro, tampouco o Mestrado en Teatro.
A profesora Becerra intervén para matizar que a razón pola que non foi aprobado é que a Xunta de Galicia considerou que se trata dun máster novo ao non ter pasado o trámite de acreditación, e polo tanto non se pode aprobar nesta fase. Seguirán a traballar na mellora do plan de estudos.

c. A Comisión de Calidade está a traballar nun regulamento de TFM e nunha revisión do PAT, no sentido de reducir o número de titoras e titores.

d. Oferta de materias ODIE. Aínda non é o momento de planificalas, pero o decano anima ao profesorado a que ofreza materias do programa para o alumnado estranxeiro, que demanda contidos específicos relacionados coas linguas e culturas nacionais.
A profesora Caneda intervén para dicir que a iniciativa de ter unha oferta dese tipo precisa dunha estratexia pero é necesaria porque existe unha grande demanda docente por parte dunha grande diversidade de estudantes internacionais que precisan docencia en inglés. O decano responde que se trata de dar solución a ese problema.
A profesora Mascuñán intervén para queixarse da enorme flexibilidade que se aplica a este estudantado á hora de cambiar dunha materia para outra.
A profesora Kenfel advirte de que algúns profesores queren limitar a matrícula deste alumnado porque case chega ao cincuenta por cento da matrícula total. O vicedecano de Relacións Internacionais aclara que isto non é posible.
O decano recorda que está en prazo o envío de propostas de materias para o Programa para Maiores, e tamén anima ao profesorado a facer propostas.

e. Vanse efectuar os cambios previstos da RPT. O decano non interveu na negociación do número, pero si das función do persoal de administración e servizos adscrito á facultade. Teremos unha persoa para a xestión dos mestrados, pero no que toca á xestión dos departamentos vai haber unha

Varela Bravo, Eduardo J.

***Ausencias sen xustificar***
Alonso Alonso, Rosa
Álvarez Suárez, Vera
Andrés Iglesias, Jesús
Bermúdez Montes, Mª Teresa
Candelas Colodrón, Manuel A.
Fernández Berciano, Enya
Fernández Cruz, Manuel
Fernández Rodríguez, Áurea
Gómez Clemente, Xosé Mª
Gómez Guinovart, Fco. Xavier
González Álvarez, Mª Dolores
González López, Sixto
González Maestro, Jesús
Gregores Méndez, Javier
Hernández Arias, Rocío
Ledo Hermida, Iria
López Abelenda, Álvaro
Lorenzo García, Mª Lourdes
Marcet Rodríguez, Helena Electra
Martín Lucas, Belén
Matos García, Roi
Navaza Blanco, Gonzalo
Peres Rodrigues, José Henrique
Pérez Rodríguez, Mª Rosa
Powell Ríos, Jennifer
Quevedo Pacín, Pablo
Rocha Táboas, Celia
Rodríguez Vega, Rexina
Rodríguez Yáñez, Xoán Paulo
Souto Villanustre, Ana
Yáñez Bouza, Nuria

redución do seu número e van asumir tamén outras tarefas.

f. Vaise montar un espazo expositivo no vestíbulo do pavillón central.
g. Contrato de cafetería e comedor. O decano está a recibir queixas do seu funcionamento, e este ano xa se podería sacar de novo o concurso, que hai que facer de maneira conxunta coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresarias. De momento vaise dar un prazo á contrata para que mellore o servizo. Informa de que van pasar unha enquisa e pide que se responda á mesma.
   O profesor Bueno intervén para recordar que a empresa adoitaba facer unha enquisa anual.
h. Recibiuse unha petición de permiso para rodar unha curtametraxe por parte da Escola de Imaxe entre os días 24 e 26 de abril. Queren ocupar o corredor do pavillón A, que se pechará o día 24 de abril a partir das 18:00 horas. O profesorado que ten os despachos no piso inferior terá que saír pola porta traseira a partir desa hora.

3. **Aprobación, se proceder, dos informes individualizados da actividade docente realizada polo profesorado funcionario interino e contratado doutor interino solicitante de avaliación docente na convocatoria de 2016 (RR 10/11/2016 e 10/3/2017)**

O decano explica que se trata dunha modificación dun procedemento que ata o momento non permitía que concorrese este colectivo. Presentáronse dúas solicitudes, por parte da profesora Ana Mª Iglesias Álvarez, do departamento de Filoloxía Galega e Latina, que solicita informe favorable polo período do 26 de febreiro de 2004 ata o 31 de agosto de 2012, e do profesor José Ramón Rodríguez Lago, do departamento de Historia, Arte e Xeografía, que solicita o mesmo para os tramos en que impartiu docencia na Facultade de Filoloxía e Tradución: 7 de marzo a 30 de xuño de 2005, 12 de febreiro de 2007 a 30 de setembro de 2011 e do 1 de outubro de 2015 ao 31 de decembro de 2016.

A profesora Becerra intervén para dicir que isto é un logro sindical.

Apróbanse por asentimento.

4. **Aprobación, se proceder, dos cambios na composición da Comisión Académica do Mestrado *Tradución para a Comunicación Internacional***
O decano explica que os cambios para os que se solicita aprobación por parte da Xunta de Facultade afectan aos postos de coordinación e secretaría. Estas son as propostas:
Coordinador saínte: Xoán Manuel Montero
Secretario saínte: Xoán M. Garrido Vilariño
Coordinador entrante: José Yuste Frías
Secretario entrante: Óscar Ferreiro Vázquez.
Os entrantes están a traballar nas súas funcións desde que foron propostos na CAM (23-2-2017 o coordinador e 26-4-2016 o secretario).
Apróbanse por asentimento.

5. **Rolda aberta de intervencións**
Non hai intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:48 horas.

Vigo, 6 de abril de 2017

Visto e prace do Decano

Luis Alonso Bacigalupe

A Secretaria

Mª del Carmen Cabeza Pereiro
segundo o disposto polos artigos 6 e 7 do *Regulamento Interno da FFT*, 67 dos *Estatutos da Universidade de Vigo* e 26.3 e 27 da *Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común*

DILIXENCIA para facer constar que esta acta foi aprobada, sen alegacións, na sesión ordinaria da Xunta de Facultade celebrada o día 29 de maio de 2017.

A Secretaria da Facultade

Mª del Carmen Cabeza Pereiro